



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que revise con urxencia os criterios de formación para impartir o currículo de Xeografía e Historia na ESO

Expediente: D.3.Q/63861/16

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017

Sr. conselleiro:

A través dos escritos de 11 de novembro e 16 de decembro de 2016 e 20 de xaneiro de 2017 requirimos informe desa consellería en relación coa queixa presentada por

A pesar diso, aínda non se recibiu o informe reiteradamente requirido.

ANTECEDENTES

No seu escrito, de data do 3 de novembro de 2016, esencialmente, indicábanos que presentaba a súa queixa por mor da resolución desestimatoria de habilitación para o exercicio da docencia en centros de ensino privado na materia "Xeografía e Historia", en E.S.O. A causa da desestimación era que non se acreditaba a experiencia docente requirida ou unha formación adecuada para impartir o currículo da materia.

Manifesta que o Real Decreto 860/2010, publicado no BOE do 17 de xullo de 2010, no seu artigo 3.2, establece: *"La experiencia docente o de la formación de educación superior adecuada para impartir el currículo de la materia podrá acreditarse mediante alguno de los siguientes procedimientos: (...) b) Certificación académica personal, en la que conste haber superado al menos 24 créditos o créditos ECTS de formación, o en el caso de no figurar créditos, dos cursos académicos en cualesquiera estudios universitarios oficiales, de materias relacionadas con la formación que se desea acreditar. A estos efectos, los créditos de*

formación podrán ser utilizados para acreditar la formación inicial para impartir diferentes materias."

A interesada aportou certificación académica dos estudos cursados do primeiro e segundo ciclo da licenciatura en Historia da Arte segundo o plan de estudos de 1993 (BOE 24/12/1993) e 2000 (BOE 10/01/2001). No primeiro ciclo (plan 1993) a interesada cursou 6 créditos obrigatorios de "Arqueoloxía xeral" (materia vencellada a área de coñecemento de Historia e Arqueoloxía), e 18 optativos das materias "Historia política e social do mundo medieval", "Historia política e social do mundo moderno" e "Paleografía xeral" (materias vencelladas ás áreas de Historia Medieval, Historia Moderna e Técnicas Historiográficas. Polo tanto e tendo en conta a dita lexislación e os criterios de habilitación e de materias que habilitan publicados pola consellería na web <http://www.edu.xunta.gal/portal/habilitacions>, a interesada manifesta no seu escrito de queixa que acredita a formación básica necesaria para acadar a dita habilitación pero non lle foi recoñecida.

Remata o seu escrito indicando que esta problemática coas habilitacións non só aféctalle a ela senón a outros licenciados en Historia da Arte que véñense prexudicados pese a teren cursado asignaturas da rama de Historia ou Xeografía.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta na resolución do recurso de alzada da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

-A Comisión Autonómica de Habilitacións de Galicia, na súa sesión do día 29 de novembro de 2012, acordou que para a materia de Xeografía e Historia computarían as materias de Arqueoloxía, Etnoloxía, Epigrafía e Numismática. Os créditos de paleografía e fundamentos de arquivística aparecen vinculados á materia Historia da Arte en bacharelato (sesión do 6 de maio de 2015).

-A materia Paleografía (na súa actual denominación no plan de estudos da Universidade de Santiago de Compostela de *Introdución ao Estudo da Cultura Escrita*), impártese no 2º curso do grao en Historia como materia de formación básica que ten por obxecto "*comprender o concepto actual da Paleografía e outras ciencias da cultura escrita, as súas vertentes, o seu método e os seus obxectivos, captando e valorando a súa utilidade para a investigación histórica e o traballo en arquivos e bibliotecas*". A materia de Paleografía depende da área de coñecemento "Ciencias y Técnicas Historiográficas", do departamento de Historia. Trátase dunha ciencia auxiliar da historia e, de feito, xa no curso 2008-2009 na Universidade de

Santiago de Compostela aparecen vinculados na mesma materia os conceptos da Paleografía, a Diplomática, a Epigrafía e a Numismática, o seu método e os seus obxectivos, sinalando os seguintes: captar e valorar a utilidade das Ciencias e Técnicas Historiográficas para a investigación en Historia; coñecer e diferenciar os elementos gráficos e a súa evolución; coñecer o desenvolvemento histórico-evolutivo da escritura latina libraria, documental e epigráfica.

En definitiva, a Paleografía é unha ciencia auxiliar da Historia equiparable a outras como a Diplomática, a Epigrafía e a Numismática.

-A materia Paleografía non se imparte no grao en Historia da Arte nin depende de ningún área de coñecemento nin departamento de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela.

-O asesoramento técnico da Comisión Autonómica de Habilitacións é fundamental para establecer a correspondencia entre os créditos ECTS de formación cursados e a relación desas materias coa formación que se desexa acreditar. Non hai un catálogo pechado de materias que acrediten as condicións de formación inicial senón que se require *“unha formación superior adecuada para impartir el currículo de la materia correspondiente”* (anexo do Real Decreto 860/2010, de 2 de julio, por el que se regulan las condiciones de formación inicial del profesorado de los centros privados para ejercer la docencia en las enseñanzas de educación secundaria obligatoria o de bachillerato”).

-O feito de desestimar unha solicitude de habilitación para impartiren docencia en centros privados sobre a base de criterios que non estean claramente fundados desde o punto de vista técnico, que resulten dun erro, dunha omisión ou dunha falta de actualización pode repercutir gravemente na posibilidade de acceso a un posto de traballo ou no desenvolvemento profesional de moitas persoas.

Estas razóns fan recomendable a revisión dos criterios fixados pola Comisión Autonómica de Habilitacións neste punto concreto, publicados na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/portal/habilitacions>, e que non foron revisados na última actualización.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte recomendación:

Que coa maior urxencia posible, sexan revisados os criterios fixados pola Comisión Autonómica de Habilitacións no relativo ás materias cursadas que acreditan as condicións de formación inicial adecuada para impartir o currículo de Xeografía e Historia na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. En particular, que se inclúa a materia de Paleografía e aquelas outras que se consideren oportunas ou, no caso de non incluíla, que se motiven as razóns polas que non se considera unha ciencia auxiliar da Historia ou que non esta relacionada coa formación que se desexa acreditar.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo